

# O SORRISO DO COÑECEMENTO

Texto de JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ BRAVO

Tradución de CELIA RECAREY

Fotografía de cuberta de VICENTE BLANCO


Encadernación rústica. 15 x 21,5 cm. 232 páx. 17 €  
ISBN 978-84-1343-095-9. Lecturas expertas. Biblioteca de Pedagogía.

*Na miña práctica docente, a acción protagonista que entrelazou con carácter máis enérxico o sentido e a sensibilidade foi a de ESCOITAR; escoitar para aprender e escoitar para ensinar. Todos eses arrebatos de afoiteza derivados da escoita permitíronme comprender mellor tanto o mundo de quen aprende como o mundo de quen ensina, e darlle forma a un método para ensinar a aprender e aprender a saber, que identifico co nome de CEMA...*

Esta obra presenta unha metodoloxía que escoita a quen aprende para falarlle a quen ensina; é un libro para **aprender a ensinar e ensinar a aprender**, que achega con humor formas de facer, ofrecendo maneiras de actuar respectuosas para ensinar dende quen aprende. Fai fincapé na importancia da escoita activa por parte do profesorado, ademais de describir diferentes beneficios e ferramentas para levalos a cabo nas aulas. «O sorriso do coñecemento» xorde da necesidade de entender a educación como un principio activo para o desenvolvemento integral da persoa, reflexionando sobre a realidade da escola actual. Está estruturado en tres partes: escoitar para aprender, escoitar para ensinar e o método CEMA (Comprender, Enunciar, Memorizar e Aplicar).

Para José Antonio Fernández Bravo este manual é “a enxeñaría do camiño para a adquisición do coñecemento”. Cuestiona que nos métodos de ensino tradicionais o docente é o provedor duns contidos elaborados que o alumnado consome: “É difícil obter coñecemento por parte de quen ensina se o proceso que se segue para quen aprende é aceptar a información que recibe, memorízala e esperar que entenda o que memorizou”, explica sobre o concepto IME (Informar, Memorizar e Entender). Pola contra, o método CEMA consiste en darlle sentido propio ao correcto significado; informar con rigor e claridade despois de que se teña comprendido; memorizar, reter e reproducir; e aplicar para fortalecer a aprendizaxe e adquirir coñecemento para, finalmente, rexurdir, acoplar e transferir ese saber.

Trátase dun método ontolóxico-epistemolóxico. Por un lado, comprende a quen aprende, tendo en conta a persoa en todas as súas dimensións e crendo nela. Tamén busca entender a súa conduta e require comprender a quen aprende. O autor escribe, reflexiona e dialoga coa atención posta nas nenas e nenos e nos adolescentes, que poden e queren aprender sempre, alertando sobre este gran reto para quen ten a responsabilidade de ensinar: os docentes, as familias e os demais adultos.



- **Temática:** renovación pedagóxica.
- **Receptores:** profesionais da educación.
- **Aspectos destacables:** da colección *Biblioteca de Pedagogía* -Premio Gala do Libro 2019 de Iniciativa Bibliográfica- que dirixe o catedrático de Historia da Educación da Universidade de Santiago, Antón Costa; outros títulos da colección: «[A cidade dos nenos](#)», «[Cando os nenos din Basta!](#)» e «[Por que as nenas e os nenos?](#)» de Francesco Tonucci; «[Educación para un mundo novo](#)» de María Montessori; «[A imaxinación e a expresión artística na infancia](#)» de Lev Vigotski; «[Carta a un profesor mozo](#)» de Philippe Meirieu; «[A psicoloxía infantil e a nova educación](#)» de Jean Piaget; «[Pedagogía do oprimido](#)» de Paulo Freire; «[Carta a unha profesora](#)» da Escola de Barbiana; «[Técnicas Freinet da escola moderna](#)» de Célestin Freinet; «[Educar a través da arte](#)» de Vicente Blanco, Salvador Cidrás e Rocío Modia; «[Experiencia e educación](#)» de John Dewey.
- **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-sorriso-do-conhecimento-g>

## José Antonio Fernández Bravo

É un mestre que ten traballado en todas as etapas educativas e que actualmente exerce como profesor universitario. Doutor en Ciencias da Educación, pola especialidade de Didáctica. Director da Cátedra Conchita Sánchez de Investigación para a Educación Matemática. Investigador de procesos para a innovación no ensino das matemáticas en España, o Canadá, Michigan, Paraguai, o Perú, Colombia, San Salvador, México, Alemaña, Italia... Director de Proxectos Europeos Leonardo de Investigación e Innovación Educativa. Premio de Metodoloxía Creativa polo libro *La resolución de problemas matemáticos. Creatividad y razonamiento en la mente de los niños*. Autor de máis de 100 obras sobre educación e aprendizaxe da matemática. Realiza unha extensa formación do profesorado e difusión en congresos nacionais e internacionais.  
<http://centropedagogicofernandezbravo.com>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com